

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 7

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día TRINTA de MAIO de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- **Actas anteriores:** (Extraordinaria e urxente do 7.03, extraordinaria do 26.03 e ordinaria (marzo) do 5.04.2018)
- 2.- Comparecencia do Servizo de Partos ou Matronas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, en virtude da actual situación das enfermeiras especialistas en Obstetricia-Ginecologia. Rexistro Pleno 1778/1101.

Ditames das comisións informativas:

POLÍTICA SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE

- 3.- Cesión gratuíta de uso de parcela municipal de carácter patrimonial á Asociación Amencer-Aspace para a construción dun Centro de Ensinanza e atención integral para usuarios por parálise cerebral. Expte. 1473/110. Rexistro Pleno 1766/1101.

URBANISMO

- 4.- Aprobación definitiva do Regulamento do Rexistro de Soares do Concello de Vigo. Desestimación de reclamacións presentadas á aprobación inicial. Expte. 185/408. Rexistro Pleno 1710/1101.

Mocións:

- 5.- Moción do grupo municipal de Marea de Vigo, instando ao goberno central para que free o deterioro do servizo de correos na provincia de Pontevedra, a falla de persoal no municipio de Vigo e a súa comarca e pola reversión dos recortes en financiamento, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1774/1101.
- 6.- Moción do grupo municipal Socialista, instando á dirección da CRTVG que reconsidere a súa decisión de eliminar as desconexións locais da Radio Galega, debendo atender a demanda informativa dos veciños de Vigo e a súa área de influencia. Rexistro Pleno 1771/1101.

- 7.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Museo do Mar, dependente da Xunta de Galicia, a proceder de forma urxente á reparación do acceso peonil situado no espazo interior do Museo, de acceso á praia de A Mourisca. Rexistro Pleno 1775/1101.
- 8.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando ao Ministro de Fomento e ao Presidente da Xunta de Galicia a pedir publicamente desculpas aos miles de cidadáns atrapados nas retencións de Rande, instándolles á adopción dun Plan de Prevención de Atascos. Rexistro Pleno 1776/1101.
- 9.-** Moción do grupo municipal Socialista, manifestando o rexeitamento á inclusión na Lei de Orzamentos do Estado 2018, dunha Disposición que obriga á Zona Franca de Vigo á achega para financiar a outras Zonas Francas do Estado, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1777/1101.

PARTE DE CONTROL

- 10.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía.
- 11.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.
- 12.-** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 9.05.2018, pola que se ordena a publicación no Boletín Oficial da Provincia da Ordenanza Reguladora do Rexistro de entidades Urbanísticas Colaboradoras do Concello. Expte. 5180/401. Rexistro Pleno 1767/1101.
- 13.-** Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 10.05.18, de modificación do acordo de 19.06.15, de delegación de competencias da XGL nos concelleiros delegados de área en materia de Contratación. Expte. 334/1102. Rexistro Pleno 1765/1101.

Mocións.

- 14.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno municipal á contratación de traballadores sociais para atender as necesidades dos vigueses e mellorar os tempos de tramitación da RISGA, e outros acordos complementarios. Expte. 1772/1101.
- 15.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao M^o Fomento a incoar un sancionador á concesionaria Autopista do Atlántico para

garantir a fluidez e seguridade do tráfico na AP9, e outros acordos complementarios. Expte. 1773/1101.

16.- Formulación de rogos.

17.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día TRINTA, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

Vigo, data sinatura electrónica

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.